



SESION ORDINARIA DE 30 DE XUÑO DE 2026

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:

- D. Efrén Castro Caloto
- D^a. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Osorio
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Ángel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D^a Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvariño.
- D^a. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián
- D. Héctor Manuel Corujo González
- D. José Tomé Roca

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de xuño de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández

Asiste, de xeito telemático, o deputado provincial Don José Ángel Santos Sánchez, quen manifesta que se encontra en territorio español.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Página	1/23



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de maio de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=1>

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI.

Logo de ver a Declaración Institucional da Deputación con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI, que foi consensuada por tódolos Grupos en Xunta de Voceiros, e que textualmente di o seguinte:


“O 28 de xuño conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTBI, unha data de alcance mundial que celebra a diversidade e lembra a importancia de garantir os dereitos e liberdades de todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual. Esta data consolidouse como unha oportunidade para reflexionar, recoñecer os avances logrados e seguir construíndo unha sociedade onde a dignidade, a liberdade e a igualdade plena sexa unha realidade para todos.

Neste 2026, desde a Deputación Provincial de Lugo, queremos reiterar o noso firme compromiso cos valores democráticos de igualdade, respecto, liberdade e dignidade. Reivindicamos o papel dos gobernos locais na promoción de contornas seguras, inclusivos e respectuosos, nos que a diversidade sexa comprendida como un valor compartido que enriquece a vida en comunidade.

É fundamental reforzar o papel das organizacións da sociedade civil, incluíndo ás entidades LGTBI como axentes de transformación social garantindo a súa participación activa na elaboración e avaliación das políticas públicas. Así mesmo, consideramos esencial que as institucións actúen con determinación fronte aos discursos que promovan a intolerancia, establecendo mecanismos eficaces para prever e abordar posibles situacións de discriminación.

O noso país logrou avances para o conxunto de moitas persoas, organizacións e institucións, pero tamén recoñecemos que aínda persisten situacións de desigualdade, violencia e rexeitamento que deben ser erradicadas con decisión e responsabilidade institucional, abordando -de forma integral- a realidade específica

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	2/23





das persoas LGTBI, que ademais son racializadas, migrantes, con diversidade funcional ou en situación de pobreza dado que elas experimentan formas específicas e agravadas de discriminación. Neste sentido, é importante promover políticas que atendan estas circunstancias particulares con medidas de protección efectivas e proporcionais, sempre desde unha perspectiva centrada nos dereitos humanos e na cohesión social.

Segundo datos recentes, aproximadamente a metade das vítimas LGTBI de agresións físicas, sexuais ou verbais rexistradas non denuncian estes incidentes debido principalmente ao medo ou á falta de confianza nos procedementos institucionais. Desde as entidades locais reiteramos o noso compromiso para xerar contornas de confianza, previr estas violencias e mellorar a resposta institucional fronte a calquera manifestación de odio ou discriminación.

Tampouco podemos obviar que, no contexto internacional, asistimos con preocupación a retrocesos en materia de dereitos humanos que afectan directamente ao colectivo LGTBI. Os discursos de odio, a reversión de avances legais e a persecución institucional nalgúns países poñen en risco principios fundamentais que deben ser preservados pola comunidade internacional.


Por todo iso, desde a Deputación Provincial de Lugo expresamos o noso apoio ás políticas públicas que promovan a igualdade de oportunidades e o respecto mutuo e subliñamos a importancia da educación, crear protocolos de atención a vítimas, e apostar pola sensibilización e o diálogo como ferramentas fundamentais para fortalecer a cohesión social e a tolerancia.

Convidamos a todos os gobernos locais a sumarse a esta declaración e a continuar desenvolvendo iniciativas que reforcen a inclusión e o recoñecemento de todas as persoas, con especial atención a quen se atopa en maior situación de vulnerabilidade. Porque a dignidade e a igualdade non deben ser un slogan, senón principios reais, sostidos desde o traballo conxunto, a responsabilidade democrática e o respecto á liberdade de todas as persoas.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=2>

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	3/23



PARTE RESOLUTIVA

3.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALIZA A LIMPEZA COMPROMETIDA DAS FAIXAS SECUNDARIAS NOS CONCELLOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, D^a Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno da Deputación de Lugo para reclamar á Xunta de Galiza a limpeza comprometida das faixas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes.


Exposición de motivos:

A prevención de incendios forestais é unha prioridade estratéxica para Galiza, especialmente tras as catástrofes do verán de 2025, cando a Xunta cifrou en 118.966 hectáreas a superficie arrasada polos incendios.

Un dos piares desta prevención é a correcta xestión da biomasa nas faixas secundarias, as franxas de 50 metros arredor dos núcleos de poboación, vivendas e infraestruturas críticas, reguladas pola Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.

En setembro de 2025, logo dos lumes dese verán, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, comprometeuse publicamente a asumir a limpeza das faixas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes, establecendo como prazo máximo o 31 de maio de 2026. Para soportar ese obxectivo, a Xunta e Seaga puxeron en marcha un novo convenio coa FEGAMP e cos concellos, cunha dotación anual de 25 millóns de euros para faixas secundarias dentro dun total de 75 millóns para prevención de incendios en 2026.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Página	4/23





Porén, transcorrido o prazo do 31 de maio de 2026, o compromiso non se está a cumprir. Moitos plans municipais que foron remitidos en marzo de 2026 seguen sen ser executados, solicitudes de declaración de Zonas de Actuación Urxente ou Prioritaria sen resposta en prazo, parcelas con limpeza xa pagada aos que non se lles executou o servizo e concellos que denuncian falta de medios e demoras nas brigadas mobilizadas.

En comarcas como Valdeorras, Oímbra e o Ribeiro rexistráronse no verán de 2025 incendios en parcelas cuxa limpeza xa fora aboada, o que evidencia a gravidade do atraso e a necesidade de reforzar a transparencia e o control público.

Esta falta de axilidade e de cumprimento dun compromiso presidencial claro e verificable compromete a eficacia da prevención, aumenta o risco para persoas e bens e deixa sen efecto unha medida que se presentou como prioritaria para os concellos máis pequenos de Galiza.


A afectación do cambio climático sobre os modelos de evolución dos lumes nos nosos montes require dun compromiso firme e decidido na aplicación dunha política de xestión fundamentada na prevención que protexa ás persoas que viven no rural da provincia de Lugo. Situacións como as vividas no verán pasado en Quiroga, A Pobra de Brollón ou Ferreira de Pantón constitúen un punto de inflexión que nos debe facer reflexionar como sociedade.

Por todo isto, queremos someter para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo propón os seguintes

Acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a executar con carácter urxente, nun prazo máximo de 30 días, os plans de actuación nas faixas secundarias dos concellos de menos de 10.000 habitantes adheridos ao convenio, priorizando aqueles con maior risco segundo o PLADIGA 2026 e os que remitiron proxectos en marzo de 2026.
2. Esixir da Xunta de Galiza a declaración de Zonas de Actuación Urxente ou Prioritaria nos concellos que o soliciten e nos ámbitos con risco inminente por acumulación de biomasa, habilitando a execución por vía rápida por parte de Seaga e reducindo a tramitación aos prazos estritamente imprescindibles.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	5/23



3. Demandar da Xunta de Galiza o reforzo de inmediato de medios humanos e materiais de Seaga, incluíndo brigadas, maquinaria, contratación temporal e loxística, para garantir a execución das limpezas comprometidas dentro dos prazos fixados.
4. Solicitar da Xunta de Galiza, a presentación no prazo de 15 días dun informe público e desagregado sobre o grao de cumprimento do compromiso de limpeza comprometida para antes do 31 de maio de 2026, indicando a relación completa dos concellos pendentes, o estado de execución, os quilómetros ou hectáreas previstos e executados, as razóns dos atrasos e o novo calendario de remate por concello.
5. Instar da Xunta de Galiza a publicación e actualización no visor de faixas secundarias da Xunta a situación de cada parcela e tramo, con indicación de “limpa”, “pendente”, “en execución” e “pagada e non executada”, incorporando a data da última actualización e o responsable da actuación.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta, declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UN PLAN ESTRATÉXICO DE SERVIZOS SOCIAIS E A TRANSPARENCIA NO FINANCIAMENTO DO SISTEMA GALEGO DE DEPENDENCIA E SERVIZOS SOCIAIS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	6/23





“Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para esixir á Xunta de Galiza un plan estratéxico de servizos sociais e a transparencia no financiamento do sistema galego de dependencia e servizos sociais.

Exposición do motivos:


O envellecemento da poboación, a dispersión xeográfica, ou a maior lonxevidade das persoas están a incrementar as necesidades asistenciais na atención das persoas maiores e dependentes en toda Galicia, e dun xeito moi especial na provincia de Lugo. Neste contexto, as cifras oficiais e os informes elaborados por diferentes entidades especializadas evidencian dificultades estruturais no funcionamento do sistema, así como importantes carencias en materia de planificación, coordinación e financiamento.

Segundo o Observatorio Estatal da Dependencia, Galicia sitúase entre as comunidades autónomas cun menor investimento por persoa potencialmente dependente. Esta realidade vese corroborada polos informes da *Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais* que indican que as comunidades autónomas con maior investimento por persoa potencialmente dependente no ano 2025 son País Vasco (3.102 €), Extremadura (2.757 €), Baleares (2.632 €) e Navarra (2.578 €), mentres Galicia figura entre as comunidades con menor investimento, cunha media de 1.490 euros por persoa. A falla de investimento e o farragoso sistema burocrático tradúcese nunha lentitude de tramitación que ofrece cifras sonroxantes: só no ano 2024, 345 galegos e galegas morreron esperando unha valoración ou unha prestación da Lei de Dependencia, e xa son máis de 7.000 persoas falecidas dende 2017 nesta situación.

As entidades locais levan anos advertindo da insuficiencia do financiamento autonómico destinado á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), así como da crecente carga burocrática derivada dos procedementos de xestión e xustificación económica vinculados aos fondos públicos destinados aos servizos sociais. A recente suba ofrecida pola Xunta ós concellos, segue moi lonxe dos prezos reais de mercado, que sitúan o custo da atención horaria entre os 22 e os 26 €/hora como media.

A esta situación súmase o déficit de prazas residenciais para persoas maiores existente en Galicia. Segundo os datos coñecidos, a comunidade conta con 25.017 prazas residenciais entre centros públicos e privados, o que supón un déficit superior ás 11.500 prazas para cumprir coa ratio recomendada pola OMS. Un déficit que a Deputación de Lugo leva anos tratando de paliar poñendo en marcha a súa rede de residencias de maiores, a pesares de que as competencias na materia corresponden á

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	7/23



Xunta de Galicia. A Consellería de Política Social incrementa os seus orzamentos pero non achega novas prazas asistenciais; e as 24 residencias públicas que anunciou a conselleira de Política Social en 2025 seguen a ser só un titular baleiro de contido.

Esta realidade manifesta as dificultades existentes no cumprimento efectivo das obrigas de planificación e coordinación previstas na Lei de Servizos Sociais de Galicia de 2008, que atribúe, expresamente, á Xunta de Galicia o liderado e a organización do Sistema Galego de Servizos Sociais. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 59 que corresponde á Xunta de Galicia o liderado, planificación e coordinación do Sistema Galego de Servizos Sociais. Entre estas competencias inclúese o establecemento do marco normativo e a planificación dos servizos sociais mediante a elaboración do Plan Estratéxico de Servizos Sociais e dos correspondentes plans sectoriais.

Así mesmo, o artigo 45 da propia norma determina a obriga de elaborar, cada seis anos, un Plan Estratéxico de Servizos Sociais que permita definir obxectivos, necesidades, prioridades e mecanismos de coordinación entre administracións públicas. Esta revisión permitiría, xa que logo, ir actualizando a carteira de servizos de acordo ca evolución das necesidades reais da poboación.

Dende a aprobación da Lei no ano 2008, este plan estratéxico nunca chegou a aprobarse o que implica unha evidente carencia de planificación institucional e deixa aos concellos sen unha folla de ruta clara para afrontar, de maneira coordinada, os retos sociais e demográficos existentes en Galicia. Porén, para poder avaliar con rigor esta cuestión resulta imprescindible contar cun exercicio real de transparencia institucional que permita coñecer con detalle as achegas realizadas pola Administración Xeral do Estado, os fondos incorporados pola propia Xunta de Galicia e os importes finalmente transferidos ás entidades locais para a prestación dos servizos sociais e de atención á dependencia.

Os concellos levan anos asumindo unha parte crecente da presión asistencial e financeira derivada da atención social de proximidade, polo que resulta necesario clarificar o nivel de financiamento achegado por cada administración e garantir un sistema baseado na corresponsabilidade institucional e na suficiencia financeira. Tamén resultan especialmente preocupantes as dificultades laborais que afectan ás profesionais do Servizo de Axuda no Fogar. Trátase dun sector altamente feminizado, cun convenio colectivo sen renovar desde o ano 2023 e no que as traballadoras desenvolven un labor esencial en condicións de elevada complexidade social e persoal. Os feitos coñecidos nos últimos anos evidencian a necesidade de reforzar os mecanismos de protección, seguridade e apoio institucional a estas profesionais.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	8/23





O debate sobre o financiamento da dependencia debe abordarse desde a transparencia institucional, o coñecemento rigoroso das achegas realizadas por cada administración e a necesidade de garantir un sistema sostible, coordinado e eficaz para atender ás persoas dependentes.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta para o seu debate e aprobación os seguintes

Acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar e aprobar, con carácter urxente, o Plan Estratégico de Servizos Sociais de Galicia previsto na Lei 13/2008, garantindo a participación das entidades locais na súa redacción e desenvolvemento.
2. Instar á Xunta de Galicia a presentar un informe público e detallado sobre as achegas económicas destinadas ao financiamento do sistema de dependencia en Lugo entre os anos 2012 e 2025, diferenciando os fondos procedentes da Administración Xeral do Estado, da Xunta de Galicia e doutras administracións públicas.
3. Instar á Xunta de Galicia a reforzar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, simplificar os procedementos administrativos vinculados á xestión dos fondos e garantir unhas condicións laborais dignas para as profesionais do sector.
4. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha planificación real e coordinada de prazas residenciais e recursos sociais que permita reducir as listas de espera e evitar situacións de hospitalización social prolongada.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Página	9/23



<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=4>

5º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALIZA QUE GARANTA A ATENCIÓN SANITARIA NOS PAC DA PROVINCIA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción reclamando á Xunta de Galiza que garanta a atención sanitaria nos PAC da provincia.

Dentro do seu modelo de improvisación e falla de xestión da Sanidade Pública, o goberno da Xunta de Galicia aprobou no Consello da Xunta do 20 de abril o decreto que cambia o modelo asistencial en atención primaria os sábados en horario de mañá. O decreto muda o sistema anterior e leva a pechar moitos centros de saúde, especificamente no caso de localidades menos poboadas, e agrupar a atención nos servizos de urxencias de atención primaria a base de cambiar unilateralmente as condicións laborais dos profesionais sanitarios.

Este decreto non foi dialogado, nin moito menos consensuado, nin na totalidade nin en parte cos traballadores/as do propio sistema sanitario. De feito, dende a súa aprobación, sucedéronse as protestas dos profesionais que consideran que se incrementa a sobrecarga de traballo nos PAC sen dotalos do persoal necesario, que a ampliación laboral imposta non conleva as prestacións laborais e económicas adecuadas e, xa que logo, que contribúe a empeorar a calidade da asistencia que se presta nos servizos de urxencias extrahospitalarias. Un servizo xa moi mermado polos recortes, peches e falla de persoal derivados da mala xestión do Partido Popular.

A realidade é que esta nova imposición da Xunta leva aparellada a modificación das condicións laborais, sen presentar ningún aval legal que o permita. Apoiándose do que viña sendo unha labor voluntaria, que viña permitindo cumprir a atención sanitaria nos PAC e que se complementaba coa apertura de centros de saúde os propios sábados en horario matutino, o goberno de Galicia promove un decreto que pretende transformar en obriga o traballo a maiores que os profesionais realizaban voluntariamente preocupados pola saúde dos veciños e veciñas, alterando carga de

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	10/23





horas e responsabilidades sen máis fundamento que a convicción da dirección do sistema sanitario público de facelo.


Todo o proceso desta decisión atropelada, que non clarifica que vaia a resolver ningún problema e que arranca co conxunto dos profesionais enfrontados, é a todas luces un erro que debe ser revertido. A consecuencia directa é que moitos concellos perden a atención dos sábados nos centros sanitarios máis próximos, redundando na perda e afastamento do servizo sanitario de moitos puntos do territorio e rompendo a necesidade de establecer certos criterios de reequilibrio territorial e poboacional.

O Grupo Provincial Socialista de Lugo mantén unha defensa continuada da Sanidade Pública, gratuita, universal, á que ós galegos e galegas teñen que poder acceder en condicións de igualdade dende calquera punto do territorio da provincia. Por iso presentamos esta moción para instar á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes resolucións:

1. Anular a decisión tomada en abril de impulsar unilateralmente o decreto de ampliación forzosa dos horarios dos PAC, evitando así o peche doutros centros de saúde e a alteración das condicións laborais dos profesionais.
2. Establecer un mecanismo de estudo, coa participación dos profesionais de atención primaria e especificamente dos PAC, que elabore un informe técnico sobre os aspectos mellorables no plano asistencial, as distintas vías existentes para afrontalos e a valoración que se fai de cada un deles.
3. Establecer como liña estratéxica o intento de reequilibrar os dereitos de acceso ao sistema sanitario, fomentando a súa presenza en territorios con maior dificultade poboacional para reforzar a procura da fixación poboacional.
4. En liña co anterior, que adopte medidas específicas para garantir as necesidades de atención sanitaria derivadas dos fluxos de poboación flotante que visitan a nosa provincia en verán, con especial atención ós destinos turísticos e os eventos que concentran maior número de visitantes.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	11/23



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=5>

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA AO PECHE DE 36 CAMAS NO HOSPITAL PUBLICO DA MARIÑA EN BURELA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción relativa ao peche de 36 camas no hospital publico da Mariña en Burela.

Exposición de motivos:

O goberno do PP ao fronte da Xunta de Galiza vén de anunciar o peche de 36 camas no Hospital Público da Mariña en Burela para os meses de xullo, agosto e setembro. Esta medida tan daníña para a veciñanza da Mariña non é a primeira que vez que se leva a cabo e faise ademais nos meses do ano nos que a poboación da comarca chega a triplicar os 70.000 habitantes de todo o ano.

Este peche de camas terá consecuencias para as e os doentes e provocará sen dúbida algunha o aumento do número de derivacións ao HULA, ao non existir camas libres no Hospital de Burela.

Outra consecuencia evitable é o feito de que as familias veranse obrigadas a desprazarse innecesariamente en coche ou noutros medios de transporte a Lugo para poder ser atendidos por mor dunha mala planificación da dirección.

O peche de camas suporá un incremento das listas de agarda, fomentando a derivación de doentes á sanidade privada. Mais esta decisión tamén afecta as e aos

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	12/23





profesionais que terán que verse desprazados a outros servizos e unidades, alterando ademais o seu calendario laboral e vacacional para os meses de verán.

E chove sobre mollado nesta comarca en materia de sanidade, porque desde que o Partido Popular eliminou a Área Sanitaria da Mariña, e vai xa para oito anos, os servizos e os recursos foron a menos, e como consecuencia disto as derivacións a Lugo e á sanidade privada incrementáronse sensiblemente.

O pasado 4 de xuño, a sociedade mariñá mobilizouse tamén polas listas de agarda manifestando o seu malestar diante do Hospital en Burela, e alí constataron moitos doentes e familiares que na Mariña as listas de espera que están a sufrir moitas persoas enfermas ou pendentas de diagnosticar sobrepasan agardas de máis dun ano.

Existen moitos casos nos que as persoas levan esperando dous e ata tres anos por unha consulta hospitalaria, por unha proba diagnóstica, o que está a provocar atrasos nos diagnósticos das enfermidades ou agravamentos en procesos xa diagnosticados e que precisan seguimento para o seu control, dándose casos nos que a espera resultou fatal para a persoa.

E agora, a maiores das interminables listas de espera, o Partido Popular castiga á comarca coa supresión de camas en plena época estival, o que sen dúbida algunha vai afondar na deterioración da atención hospitalaria na Mariña.


Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a NON levar a cabo a execución do peche de 36 camas no Hospital da Mariña, durante os meses de xullo, agosto e setembro.
2. Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

	IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Página	13/23



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=6>

7º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A AMPLIAR O MUSEO PROVINCIAL DO MAR E XESTIONAR A AMPLIACIÓN DESTE CENTRO DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para instar á Deputación de Lugo a ampliar o Museo Provincial do Mar e xestionar a ampliación deste centro da Rede Museística Provincial.

Exposición de motivos:

O Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo), primeiro museo do mar de Galicia de carácter público, forma parte da Rede Museística Provincial, dependente da Deputación de Lugo.

O Museo Provincial do Mar pon de relevo a fonda tradición mariñeira do municipio recollendo a historia de pescadores e pescantinas, navegantes e cazadores de baleas, redeiras e carpinteiros de ribeira, pero tamén a biodiversidade do medio marítimo. Constitúe, polo tanto, un importante foco de interese cultural e turístico.

O edificio, que naceu para ser escola de San Cibrao no ano 1931, non dispón na actualidade de espazo suficiente para albergar todo o valioso legado que se conserva, pero que aínda non viu a luz para que tanto veciños coma visitantes o poidan descubrir e disfrutar.

O Concello de Cervo ten amosado o seu firme compromiso co proxecto de ampliación como demostran as actuacións administrativas e urbanísticas necesarias que

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	14/23





concluíron coa incorporación ao patrimonio municipal dos terreos e o inmovible lindeiro.

É, polo tanto, o momento de que a institución provincial se posicione sobre a ampliación do Museo Provincial do Mar para o que o Concello xa deu os primeiros pasos: a adquisición dos terreos e o ofrecemento de cesión formal do inmovible que acolle o Museo á Deputación de Lugo para a ampliación do centro museístico e posterior xestión de forma unificada e coherente do conxunto por parte da institución provincial.

A xestión unificada permitiría evitar a fragmentación da oferta cultural, garantir unha programación coherente e optimizar os recursos humanos e materiais, xerando ademais economías de escala e evitando duplicidades administrativas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a dar resposta ao compromiso existente e dar contestación e atender a petición do Concello de Cervo de forma que a Deputación de Lugo amplíe o Museo Provincial do Mar situado en San Cibrao, unha vez que o Concello lle ceda os terreos e inmovible incorporados ao patrimonio municipal a tal fin, e que a institución provincial asuma a xestión desta ampliación”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Xosé María Arias Fernández e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=7>

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	15/23



8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A NON PRESTAR O SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO A AUTORIDADES NIN SUFRAGAR OS GASTOS CORRESPONDENTES EN PRESUNTOS CASOS DE ACOSO SEXUAL OU CALQUERA CONDUTA CONTRA OS DEREITOS FUNDAMENTAIS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para instar á Deputación de Lugo a non prestar o servizo de asesoramento xurídico a autoridades nin sufragar os gastos correspondentes en presuntos casos de acoso sexual ou calquera conduta contra os dereitos fundamentais.

Exposición de motivos:


A imaxe da Deputación Provincial de Lugo viuse afectada dende o pasado mes de decembro de 2025 cando un programa de televisión revelaba varias denuncias a través da canle interna do PSOE contra José Tomé -naquel momento presidente da institución provincial e secretario xeral do Partido Socialista na provincia- por presunto acoso sexual e das que os dirixentes do seu partido a nivel provincial e autonómico recoñeceron ter coñecemento.

Despois de terse negado a deixar a presidencia da Deputación de Lugo, rematou por anunciar que abandonaría o cargo de máximo representante da institución provincial, pero non de forma inmediata, senón que pasaron varias semanas nas que aproveitou para intentar aprobar en Xunta de Goberno que a Deputación sufragase con fondos públicos os gastos da súa defensa xurídica.

Este asunto foi retirado da orde do día da Xunta de Goberno do 18 de decembro. Incluso o propio José Tomé asinou, rexistrou e publicou unha nova orde do día na que se excluía ese punto. Nese momento, dende o BNG, o vicepresidente Efrén Castro, aseguraba que “Tomé non vai ter ningún tipo de cobertura xurídica da Deputación polas denuncias de acoso sexual”; ademais de “non volver participar en ningún organismo que fora presidido por el, aínda que fora en funcións”.

É curioso que pouco despois o BNG si aceptara pactar de novo co PSOE a formación de goberno nesta Deputación Provincial; pero, nesta ocasión, tendo que pactar tamén

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	16/23





con José Tomé na súa condición de deputado non adscrito despois de abandonar o Grupo Socialista, pero rexeitar abandonar a acta como deputado provincial. Mantense, polo tanto, como deputado provincial -ademais de alcalde de Monforte de Lemos- e, nesa condición, aproveitou para volver intentar que sexa a Deputación de Lugo a que sufrague os gastos da súa asistencia legal.

O Grupo Provincial Popular ten solicitado acceso ao expediente 2026/PES_03/008801 que leva por título “2026RPE006775 – Achega orzamento DEFENSA LETRADA” e que recolle a comunicación de José Tomé rexistrada o 27 de abril deste 2026 dirixida á compañía onde a institución provincial ten contratada unha póliza de responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación Provincial de Lugo acompañada dun presuposto de honorarios profesionais que ascende a 37.000 euros máis IVE.

A Fiscalía Provincial de Lugo presentaba o 2 de marzo de 2026 unha querela contra José Tomé por presunto acoso sexual e abuso no exercicio da función pública ao considerar que os feitos previamente denunciados posúen indicios fundados de criminalidade. A instrución do caso segue adiante e, recentemente, a denunciante ratificaba a súa versión -o ofrecemento para obter un posto na Administración lucense a cambio de favores sexuais- e 5 mulleres foron chamadas a declarar como testemuñas.

A acusación de presunto acoso sexual é dunha gravidade extrema que require da adopción de responsabilidades políticas por parte do investigado e das persoas que, sendo coñecedoras das denuncias pola canle interna, encubriron a un presunto acosador sexual.


A pesar de que o Partido Popular ten pedido en reiteradas ocasións a dimisión de José Tomé e, incluso, ten ofrecido os seus votos aos concelleiros do PSOE no Concello de Monforte de Lemos para elixir un novo alcalde socialista; a realidade é que nin o PSOE nin o propio investigado tomaron ningún tipo de medida. Lonxe diso, José Tomé continúa aferrado aos seus cargos públicos danando a imaxe das institucións ás que representa co apoio do PSOE e percibindo diñeiro público de tódolos monfortinos e lucenses.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial acorda que a Deputación de Lugo non preste o servizo de asesoramento xurídico nin financie os gastos de asesoramento xurídico a

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	17/23



autoridades ou cargos políticos en presuntos casos de acoso sexual ou agresión sexual, violencia de xénero ou calquera conduta contra os dereitos fundamentais das persoas”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Xosé María Arias Fernández e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=8>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2025 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.

Dáse conta do informe anual 2025 sobre o cumprimento en materia de morosidade.


O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=9>

10.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DA CONTA 413 DO EXERCICIO 2025 EN CUMPRIMENTO DA DA 3ª DA LEI ORGÁNICA 9/2013, DE 20 DE DECEMBRO, DE CONTROL DA DÉBEDA COMERCIAL NO SECTOR PÚBLICO INCLUIDA NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO 2025.

Dáse conta do informe de control financeiro da conta 413 do exercicio 2025 en cumprimento da DA 3ª da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	18/23





débeda comercial no Sector Público incluída no Plan Anual de Control financeiro do exercicio 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=10>

11.- DACION DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS A MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 POLOS CONCELLOS DE MONTERROSO E VILALBA.

Dáse conta dos acordos da Xunta de Goberno, relativos a modificacións/substitucións de investimentos incluídos no Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025 polos concellos de Monterroso e Vilalba.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de maio de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2244 ao 2897 e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=12>


13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=13>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	19/23



A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó mantemento e conservación do paseo do Miño, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O paseo do Miño é un dos proxectos, xunto ao paseo do Rato, impulsados por anteriores gobernos do Partido Popular na Deputación Provincial de Lugo para poñer en valor o entorno natural dos ríos ao seu paso polos municipios de Lugo e O Corgo.

Actualmente varias zonas do paseo e infraestruturas de madeira presentan numerosas deficiencias que poden supoñer un risco para os usuarios que se incrementan nesta época do ano.

Esta situación, que ademais proxecta unha mala imaxe aos nosos visitantes, débese á súa falta de mantemento e conservación por parte do actual goberno da Deputación de Lugo.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo arranxe as deficiencias do paseo do Miño e acometa en tempo e forma os traballos de mantemento e conservación para garantir a seguridade dos usuarios ao mesmo tempo que se pon en valor un recurso natural como é o río Miño.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co arranxo da estrada LU-P-0401, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

As estradas titularidade da Deputación de Lugo ao seu paso polo termo municipal de Baleira tamén sofren a falta de mantemento e o abandono por parte de PSOE e BNG.

Ante o negligente estado en moitos puntos do municipio, o propio Concello ten remitido un escrito á Deputación de Lugo facendo constar o avanzado deterioro do firme das vías provinciais con fochancas, desgaste da capa de rodadura, deficiencias na drenaxe e outras incidencias que afectan á seguridade viaria.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	20/23





Este mal estado provoca queixas constantes por parte dos veciños e veciñas para os que estas infraestruturas son fundamentais tanto para o acceso aos núcleos de poboación como para o acceso ás explotacións agrogandeiras.

Unha das estradas que presenta maiores danos é a LU-P-0401, que comunica con Corveira, Xestoso, Córneas, Alto de Restelo, Vilagarcía e Ponte en Córneas con deficiencias moi importantes ata o punto de que os coches non poden esquivar os buratos de grandes dimensións existentes, que provocan que rocen a parte inferior dos vehículos contra o firme.

Outras estradas provinciais que tamén precisan dunha actuación urxente son a LU-P-0404 (en Montouto, Pereira e Fonchave), a LU-P-0408 (no Freixo e Córneas), a LU-P-0405 (en Lastra e Fonte), a LU-P-0407 (no núcleo de Fontela) e a LU-P-0403 (no núcleo de Valdería).

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa, pola vía de urxencia, o arranxo da estrada provincial LU-P-0401 e inicie de forma inmediata as xestións para actuar na totalidade das estradas provinciais ao seu paso polo municipio de Baleira co obxectivo de garantir a seguridade viaria.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á mellora da estrada provincial LU-P-4707, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O firme da estrada de titularidade da Deputación de Lugo LU-P-4707 ao seu paso por diversos lugares do municipio da Pobra do Brollón, entre a capitalidade e A Veneira de Roques pasando por Saa, é realmente alarmante. Os buratos, a grava e as pedras presentes na calzada impiden circular con normalidade aos veciños e veciñas para acceder ás súas vivendas e propiedades. Incluso teñen sufrido picadas nas rodas e outros danos nos vehículos.

O Grupo Provincial Popular xa ten advertido da situación desta vía provincial e os propios veciños e veciñas, así como as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común afectadas, teñen dirixido numerosas reclamacións á Deputación de Lugo sen que se teña corrixido a situación que se rexistra na zona dende fai anos e que chegou a un punto no que é insostible.

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	21/23



A urxencia da súa mellora é evidente. Neste contexto, sería conveniente aproveitar a intervención para mellorar a vía empregando materiais, como se teñen empregado noutras vías provinciais ao seu paso polo municipio, que garantan a durabilidade do seu firme.

Recentemente, a Deputación de Lugo comunicaba publicamente que serían as madeireiras as responsables da rehabilitación desta estrada provincial incluíndo a mellora do firme, a limpeza das cunetas e o acondicionamento das marxes.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que prazo ten previsto o goberno provincial que quede totalmente mellorada a vía LU-P-4707 con materiais que garantan a durabilidade do firme?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á construción da residencia e centro de día no Concello de Folgoso do Courel, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O 26 de xullo de 2018 formalizábase o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción da residencia e centro de día da terceira idade no municipio, un compromiso adquirido durante a presidencia de Elena Candia no ano 2015.

O Concello tiña cumpridas as súas obrigas recollidas no Convenio e nas posteriores addendas coa cesión e posta a disposición dos terreos, a aprobación da achega económica que lle corresponde e a concesión da licenza urbanística da que dispoñía a Deputación de Lugo dende xaneiro do 2022. Con todo, o proxecto mantívose paralizado por parte do goberno provincial á espera da revisión dos prezos do proxecto para evitar que a licitación das obras quedase deserta, segundo lle tiñan trasladado á alcaldesa nunha reunión mantida en decembro do 2022.

Á vista de que a Deputación de Lugo non deu os pasos necesarios para que a obra puidera estar licitada, adxudicada, contratada, executada, rematada e recibida antes do 26 de xullo de 2026, data na que remata o prazo final da vixencia do Convenio; o Concello de Folgoso do Courel, despois de ter formulado requirimento formal en novembro do 2025 sen que a entidade provincial cumprira os seus compromisos, aprobou no Pleno extraordinario celebrado o 19 de xuño de 2026 a resolución do Convenio e declaración da reversión dos terreos a favor do Concello como recollía a

	IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVVWONTEII	Página	22/23





escritura pública de cesión para o suposto de que non fosen destinados á execución da obre prevista no Convenio dentro do prazo establecido.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que accións e en que prazo ten previsto adoptar o goberno provincial en relación ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción da residencia e centro de día da terceira idade?"

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260630&punto=14>

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e sete minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Fecha y Hora	03/07/2026 12:42:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76RUJ5HBV4R37SZVWONTEII	Página	23/23

